

PLAN DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CONCELLO DE VIGO



ÍNDICE

1. FUNDAMENTACIÓN.....	4
1.1. A RESPONSABILIDADE DOS CONCELLOS NA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.....	5
1.2. DIMENSIÓNS DA POLÍTICA LINGÜÍSTICA MUNICIPAL.....	7
2. A PROPOSTA.....	8
2.1. A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA COMO PROCESO SOCIAL.....	10
2.2. AS FUNCIÓNS DO PLAN.....	11
3. OBXECTIVOS.....	12
3.1. OBXECTIVOS XERAIS.....	13
3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.....	14
4. METODOLOXÍA E ESTRUTURA DO TRABALLO.....	15
4.1. METODOLOXÍAS IMPLICATIVAS: IMAXINACIÓN E REALISMO.....	16
5. SECUENCIACIÓN DO TRABALLO.....	18
5.1. ANÁLISE DE DATOS SECUNDARIOS.....	19
5.2. PLAN DE PARTICIPACIÓN.....	20
5.2.1. Obxectivos do proceso participativo.....	20
5.2.2. Protagonismo das entidades sociais no proceso.....	21
6. DIAGNÓSTICO.....	22
7. PLAN DE ACCIÓN.....	24
7.1. SISTEMATIZACIÓN DA PLANIFICACIÓN.....	25
7.2. OBXECTIVOS XERAIS E DIRECTRICES ESTRATÉXICAS DO PLAN.....	27
8. SECTORES: DIRECTRICES, OBXECTIVOS E MEDIDAS DE ACTUACIÓN.....	30
8.1. SECTOR ADMINISTRACIÓN LOCAL.....	31
8.2. SECTOR ENSINO E MOCIDADE.....	36
8.3. SECTOR MEDIOS DE COMUNICACIÓN.....	40
8.4. SECTOR ASOCIATIVO.....	43
8.5. SECTOR INMIGRACIÓN.....	47
8.6. SECTOR CRENZAS RELIXIOSAS.....	50
8.7. SECTOR SOCIOECONÓMICO.....	52
9. PARTICIPANTES.....	57

1. FUNDAMENTACIÓN

1.1. A RESPONSABILIDADE DOS CONCELLOS NA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

A responsabilidade asumida polas distintas administracións na defensa e promoción da lingua galega vén recollida nos distintos textos legais onde se establece o papel que deberán asumir os poderes públicos no fomento do galego. Principalmente é na **Xunta de Galicia** onde esta responsabilidade ten un carácter central e así se explicita tanto no *Estatuto de autonomía* como na *Lei de normalización lingüística*. Á marxe das disposicións legais, as accións e medidas destinadas á promoción da lingua galega veñen desenvolvidas no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNL), aprobado por unanimidade no Parlamento galego en setembro do ano 2004.

No PXNL recóllense as accións e obxectivos dirixidos ás administracións locais e ao apoio que desde a Administración autonómica cómpre desenvolver de cara ao fomento da lingua.

Non obstante, tamén é responsabilidade das administracións locais, como poderes públicos, a promoción do seu uso en todas as instancias e institucións. A **Administración local**, por unha banda, ten unha **responsabilidade político-administrativa**, atribuída tanto pola *Lei de normalización lingüística* como na *Lei de uso do galego polas entidades locais*; pero, por outra, tamén ten unha **responsabilidade social** diante da cidadanía, xa que a opinión pública lles asigna aos concellos unha responsabilidade de primeira orde, inmediatamente despois da Administración autonómica, tal e como sinala o *Mapa sociolingüístico de Galicia*, elaborado pola Real Academia Galega.

O Concello de Vigo foi pioneiro na regulación e promoción do galego nas súas actividades. A Ordenanza de normalización lingüística aprobada polo Pleno da Corporación en 1988 recolle un conxunto de obxectivos dirixidos a “cambiar as actitudes lingüísticas” e a “facere do galego o idioma oficial do Concello”(artigo 1).

Máis recentemente déuselle pulo ao nacemento dos mecanismos e espazos de traballo que deben velar polo cumprimento da Ordenanza de normalización lingüística e polo fomento de iniciativas normalizadoras, mecanismos que ademais incorporaron a presenza dos axentes estratéxicos da cidade e do seu tecido social nun intento de facelos partícipes no proceso normalizador. É así como se aproba en abril de 2000 o Regulamento de funcionamento da Comisión Cidadá de Normalización Lingüística, órgano de participación e espazo de traballo onde se lles dá cabida ás entidades e colectivos que veñen desenvolvendo un labor de fomento da lingua nos distintos espazos da sociedade. Ao tempo, o Consello Social da Lingua, cuxa constitución foi aprobada polo Pleno municipal en decembro de 2004, é o órgano que o Concello ten para o *asesoramento, a consulta e a participación na política lingüística, ata conseguir que o galego sexa usado decote pola práctica totalidade da poboación viguesa* (artigo 1 do Regulamento do Consello Social).

1.2. DIMENSIÓN DA POLÍTICA LINGÜÍSTICA MUNICIPAL

Unha Administración pública como a municipal ten responsabilidade en varias dimensións:

- ✘ Sobre si mesma e nas súas **funcións públicas**: uso público da lingua galega na Administración municipal ou nas entidades que desenvolven as súas funcións, o que pode incluír a capacitación lingüística dos traballadores e das traballadoras, a corrección e asesoría, a regulación de usos nas funcións administrativas ou incentivos para o seu uso; tamén no seu carácter de organización administrativa que exerce funcións públicas a través doutros organismos ou incluíndo cláusulas nas contratacións públicas municipais.
- ✘ Sobre a **cidadanía** en xeral: capacitación de adultos, servizos de corrección e asesoría. Son relevantes as accións de promoción de uso e mellora de actitudes cara ao galego como asunción de responsabilidades do Concello ante a cidadanía. Neste sentido, vincular as accións da sociedade civil e dos poderes públicos vai posibilitar que a normalización lingüística sexa máis efectiva e fundamentada democraticamente.

2. A PROPOSTA

A propia elaboración do plan é un acto de promoción social do galego. Non se trata só de contar cun produto final onde se recollan os obxectivos e as directrices de actuación da Administración, senón que a planificación hai que entendela como un proceso que vai máis alá, e que desde o momento mesmo en que se leva a reflexión sobre a lingua á sociedade xa se está intervindo nun sentido normalizador, consensuando obxectivos e deseñando accións conxuntas das administracións coa sociedade civil.

2.1. A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA COMO PROCESO SOCIAL

A normalización da lingua galega é un proceso que ten como protagonista principal a sociedade galega, e os poderes públicos teñen a responsabilidade de apoiar e promover este proceso. Pero, en definitiva, onde o galego xoga o seu futuro é no ámbito do social. Boa parte do proceso de normalización ten que ver coa vontade da cidadanía: que decida asumir de forma efectiva a lingua galega, e a actuación pública pode incorporar os incentivos positivos que favorezan estes procesos sociais. Neste tema as políticas públicas das administracións teñen unha grande influencia sobre a cidadanía a través dos usos lingüísticos públicos, as regulacións de uso, etc.

Se a normalización lingüística é un proceso social, moitos dos actores centrais tamén o serán. Por este motivo, tórnanse moi relevantes ámbitos de diálogo social como o *Consello Social da Lingua Galega*, onde representantes do tecido social e responsables políticos conflúen na asunción de compromisos; pero tamén a *Comisión Cidadá de Normalización Lingüística*, que fai confluír os distintos axentes de promoción da lingua galega na cidade. Nesta liña, o traballo de elaboración do plan pivota nestes espazos e procura un compromiso da sociedade para consigo mesma a través do seu tecido social máis vivo e máis relevante para a promoción da lingua galega.

2.2. AS FUNCIÓNS DO PLAN

Seguindo os razoamentos previos, o plan cumpriría as seguintes funcións:

- ✦ **A necesidade do coñecemento para a intervención.** O deseño de estratexias de intervención debe partir do diagnóstico da realidade en que actuamos. O feito de contar cun diagnóstico sobre a situación da lingua galega, de maneira global e nos distintos sectores socioestruturais do concello, permitirá establecer os obxectivos e futuras actuacións que se pretendan desenvolver no eido da normalización lingüística.

Trátase de construír un coñecemento que poida servir como fundamento dunha potencial intervención, que sexa susceptible de ser utilizada por aqueles axentes que queiran promover a normalización lingüística a escala municipal. O proceso de elaboración do plan parte das análises feitas con anterioridade e tira proveito operativo destes traballos na planificación. Nomeadamente, o *Estudo sociolingüístico sobre o uso da lingua galega no Concello de Vigo* é unha boa base sobre a que iniciar as reflexións.

- ✦ **Marcar as liñas estratéxicas da actuación municipal.** A función básica da planificación é ordenar as accións dunha Administración pública nun sector; neste caso, tería unha dimensión máis ambiciosa, dado que o Concello pretende actuar tamén como catalizador das distintas intervencións normalizadoras -públicas ou privadas- no ámbito municipal.
- ✦ **Que os actores sociais centrais do ámbito municipal se comprometan no proceso.** Partindo da base de que a normalización é un proceso social, só a corresponsabilidade dos actores centrais do tecido social do municipio pode facer do diagnóstico e, posteriormente, do plan unhas das ferramentas de intervención eficaz.

Estes procesos deben apoiarse mutuamente: que a actuación dos poderes públicos sexa un proceso de fomento que promova e apoie (e mesmo coordine) as accións cívicas, e que os axentes sociais demanden colaboración da Administración e exixan o cumprimento dos compromisos adquiridos.

3. OBXECTIVOS

3.1. OBXECTIVOS XERAIS

- ✘ Elaborar un Plan de Dinamización Lingüística de Vigo que fixe os obxectivos e liñas de acción nos próximos anos dirixido á promoción da lingua galega.
- ✘ Xerar un proceso social para a elaboración do plan que permita consensuar socialmente as actuacións, corresponsabilizando a sociedade no proceso de normalización e tecendo as redes que faciliten a súa implementación posterior.

3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- ✘ Aproveitar o coñecemento producido sobre a normalización da lingua galega no Concello de Vigo de cara a definir as liñas de acción para a promoción do galego, nomeadamente o *Estudo sociolingüístico sobre o uso da lingua galega no Concello de Vigo 2002*.
- ✘ Realizar unha análise cualitativa que nos permita identificar os factores que afectan fundamentalmente á extensión do uso do galego nos distintos sectores, de cara a delimitar ámbitos estratéxicos de actuación.
- ✘ Xerar bases de consenso social sobre a normalización lingüística, así como cara á fixación dos obxectivos do plan; conformar un acordo global acerca dos horizontes cara aos que quere camiñar a Administración municipal e a sociedade viguesa neste ámbito.
- ✘ Implicar os distintos axentes ou destinatarios das actuacións, así como aqueles sectores que, directa ou indirectamente, poden ter relación coas accións normalizadoras desenvolvidas no Concello de Vigo.
- ✘ Tecer redes de información e cooperación cara a actuacións conxuntas na dinamización lingüística, posibilitando, deste xeito, a xeración de dinámicas globais e interconectadas de mellora da situación da lingua galega na cidade.

4. METODOLOXÍA E ESTRUTURA DO TRABALLO

4.1. METODOLOXÍAS IMPLICATIVAS: IMAXINACIÓN E REALISMO

Un procedemento que promova o diálogo e a implicación dos actores relevantes na planificación debe estruturarse a través de metodoloxías que posibiliten o traballo en equipo.

A organización baseada en comisións que integren os principais actores da normalización lingüística é unha fórmula moi acaída para conseguir un documento rico e apegado á realidade. O traballo en equipo garante a riqueza de achegas e, polo tanto, a creatividade.

A fluidez de funcionamento dos espazos de traballo e a comunicación entre eles é básica para a súa produtividade.

Así, o proceso de planificación contemplou de partida a formulación dunha diagnose da situación da lingua galega no concello de Vigo. Esta análise ten dúas fontes fundamentais: unha realizada sobre a base dos organismos que estudaron a realidade sociolingüística do concello (Universidade de Vigo, Instituto Galego de Estatística e Real Academia Galega), e outra, desde as diferentes visións dos actores sociais implicados no proceso de normalización lingüística. Desta maneira, garantimos que as propostas se axusten á realidade sobre a que se está intervindo.

O feito de contar co coñecemento do contorno social sobre o que se pretende dirixir as distintas accións vainos permitir:

- × Por unha banda, establecer cales son as tendencias, tanto positivas (oportunidades) como negativas (ameazas ou resistencias), en cada un dos posibles ámbitos ou sectores de actuación.
- × Por outra, establecer as directrices e os obxectivos específicos en cada un dos sectores.

Con esta finalidade o proceso de elaboración do Plan de Dinamización Lingüística de Vigo baseouse nos diferentes órganos de participación existentes.

O Consello Social da Lingua Galega de Vigo (CSLGV) definiu os diferentes ámbitos de participación sectorial, constituíndose así as **Comisións Sectoriais (CS)**, onde os representantes sociais e colectivos civís estiveron a traballar sobre o diagnóstico e a formular propostas para o deseño do plan. En total constituíronse cinco comisións:

- × Administración Municipal
- × Socioeconómica
- × Sociocultural
- × Medios de Comunicación
- × Ensino e Mocidade

Sobre estas comisións pivotou o traballo que había que desenvolver, tendo un papel principal na definición dos obxectivos e liñas de actuacións futuras en cada un dos sectores.

Asemade, conformáronse espazos de encontro con outros axentes, naqueles sectores que, pola súa relevancia social, consideramos que eran centrais no proceso normalizador. Estes sectores non se abordaron desde as comisións sectoriais por cuestións de operatividade das propias reunións. As áreas para as que se organizaron os encontros foron as seguintes:

- × Inmigración
- × Deporte
- × Empresas concesionarias municipais
- × Centros e áreas comerciais

5. SECUENCIACIÓN DO TRABALLO

5.1. ANÁLISE DE DATOS SECUNDARIOS

A análise de datos secundarios engloba un conxunto de accións de análise que se orientan á identificación, recompilación e sistematización daqueles estudos ou datos existentes que permitiron a caracterización das principais magnitudes que conforman a realidade sociolingüística da sociedade viguesa. Por medio da súa análise integrada, e do seu contraste nos espazos de participación, permitiu unha mellor concreción do diagnóstico de partida.

A análise desenvolveuse a través de dous eixes metodolóxicos:

- × **Compilación e sistematización de datos secundarios** a partir das fontes documentais e bibliográficas dispoñibles. Neste caso, contouse con investigacións sobre a situación da lingua galega no concello, como o *Mapa sociolingüístico de Galicia* (RAG 2002), os datos da *Enquisa de condicións de vida. Módulo de lingua* (IGE 2003), e máis en concreto co *Estudo sociolingüístico sobre o uso da lingua galega no concello de Vigo 2002* (Universidade de Vigo).

- × **Compilación e sistematización de datos primarios** co obxectivo de achegar todas aquelas claves de análise específicas que non poidan ser concretadas desde a revisión documental. As técnicas aplicadas foron, fundamentalmente, a entrevista en profundidade a actores políticos, técnicos, expertos e representantes do tecido social vigués, coa idea de recoller a súa visión respecto da presenza que acada a lingua galega e das accións de promoción a desenvolver. Ao tempo, estes contactos resultaron fundamentais no obxectivo de implicar os actores nos diferentes espazos de participación en que se estrutura o plan.

5.2. PLAN DE PARTICIPACIÓN

O Plan de Dinamización Lingüística formulouse como un proceso de reflexión e consenso do conxunto dos actores sociais que interveñen no concello co obxectivo de chegar a un acordo estratéxico sobre as accións de fomento da lingua galega. Este acordo definiu un plan de acción coa idea de corresponsabilizar os actores clave na súa posta en práctica: políticos, técnicos municipais, institucións relacionadas, empresas, tecido asociativo, etc., e, en xeral, o conxunto da cidadanía.

O plan de participación pretendía implicalos no deseño e articulación das estratexias de normalización da lingua e, polo tanto, facelos partícipes no proceso. Isto supuxo establecer e dinamizar marcos de diálogo en que asentar visións comúns sobre as accións de promoción lingüística, e definir estratexias de cooperación e compromiso dos distintos axentes na súa construción.

5.2.1. Obxectivos do proceso participativo

O proceso xogou un protagonismo central no deseño do plan de dinamización, na medida en que se formulou a consecución dos seguintes obxectivos:

- ✘ **Implicar o conxunto dos axentes sociais** (plano político, técnico e cidadá) no deseño e desenvolvemento do Plan de Dinamización Lingüística do Concello de Vigo.
- ✘ Integrar as distintas perspectivas presentes no concello na constitución dun **consenso social estratéxico** que corresponsabilice o conxunto de participantes na promoción da lingua galega.
- ✘ **Asentar un capital social** sobre o que apoiar a implementación do plan, así como doutras iniciativas que se desenvolvan ao seu abeiro.
- ✘ Situar o plan como unha oportunidade para desenvolver unha **actuación pública en diálogo coa cidadanía** e definir unha estratexia de cooperación para o futuro.
- ✘ **Integrar e vincular as propostas formuladas** desde os espazos de participación nos documentos globais que se deseñen para cada unha das fases en que se estrutura a elaboración do plan.

5.2.2. Protagonismo das entidades sociais no proceso

As entidades asociativas, empresariais, educativas, mediáticas, etc., actúan como nodos vertebradores en diferentes sectores e ámbitos da sociedade e teñen unha clara potencialidade para propoñer e asumir iniciativas dinamizadoras. Neste sentido, adquiren un papel central na elaboración e desenvolvemento do plan. Cómpre, deste xeito, facilitar e promover a súa implicación neste proceso asumindo:

- ✘ Unha **función difusora**, actuando como axentes de promoción e información para que a cidadanía coñeza con claridade o proceso do plan.
- ✘ Unha **función mediadora**, facendo posible, a través da súa participación no Consello Social e nas reunións sectoriais, que os intereses, expectativas e necesidades socialmente sentidos teñan unha presenza clara no proceso e poidan integrarse nun acordo xeral de consenso concretado no plan.
- ✘ Unha **función vertebradora**, implicándose na construción de redes de cooperación entre os distintos sectores sociais, e entre estes e a Administración pública, que fagan posible a mellor implementación deste plan de acción.
- ✘ Unha **función activadora**, actuando como espazos a través dos que a cidadanía poida ter unha participación activa na construción e apropiación do plan.

6. DIAGNÓSTICO

Todo proceso de planificación parte da definición do diagnóstico da realidade sobre a que intervir. A análise da situación sociolingüística da sociedade viguesa identifica as súas potencialidades e tamén as súas debilidades, e foi a base sobre a que articular o plan de acción.

De cara á formulación deste diagnóstico, contamos con dúas fontes de información:

- ✗ Os datos cuantitativos procedentes das fontes estatísticas e datos recollidos no *Mapa sociolingüístico de Galicia*, no *Estudo* da Universidade de Vigo e no módulo de lingua da *Enquisa de condicións de vida*.
- ✗ Asemade, o diagnóstico recolle as percepcións e valoracións que os colectivos e entidades participantes na elaboración do plan achegaron a través das entrevistas e das comisións sectoriais.

No anexo recolle os datos do diagnóstico. A primeira parte fai referencia ao diagnóstico cuantitativo e a segunda recolle as DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades) identificadas para cada un dos sectores de intervención.

7. PLAN DE ACCIÓN

7. 1. SISTEMATIZACIÓN DA PLANIFICACIÓN

No seguinte documento achegamos unha ordenación da estrutura do Plan de Dinamización Lingüística, así como unha proposta dos obxectivos que se identifican por cada un dos sectores.

Estrutura do plan

Como cuestión xeral, o plan recolle unha formulación de obxectivos xerais e directrices estratéxicas sobre os que se fundamenta a filosofía da súa actuación e que lle marcan as orientacións xerais ao conxunto dos sectores. Son pautas comúns sobre as que articular o desenvolvemento das medidas concretas que se formulan para cada un dos ámbitos de actuación.

A estrutura dos sectores e subsectores responde a unha lóxica de planificación. Neste sentido, cada sector e subsector está estruturado en *directrices estratéxicas*, *obxectivos xenéricos*, *liñas de accións e medidas*.

Máis en concreto a secuencia de ordenación dos sectores responde á seguinte lóxica:

As **directrices estratéxicas** formulan recomendacións que afectan transversalmente ao conxunto da secuencia: obxectivo xenérico - liñas de acción - medidas, e que poden axudar ao éxito de implementación das medidas.

Exemplo: *promover o uso normalizado da lingua galega nas actividades e funcionamento do Concello.*

Obxectivos xenéricos (obxectivos do sector)

Pretenden conseguir efectos xenéricos que a longo prazo supoñan unha alternativa de mellora a problemas e realidades lingüísticas fortemente consolidadas e estruturadas.

Correspóndense ao nivel de **planificación estratéxica**.

Exemplo: *incorporar o galego ás actividades (internas e externas) dependentes do Concello.*

Liñas de acción

Marcan estratexias de acción e, ao mesmo tempo, identifican metas específicas que cómpre desenvolver para acadar o obxectivo xenérico. Procuran conseguir uns efectos de carácter máis específico e a medio prazo.

Son obxectivos máis específicos que poden derivar dun ou varios obxectivos xenéricos e que equivalen ao nivel de **planificación táctica**.

Exemplo: *concienciar o persoal do Concello e as empresas municipais do seu importante papel como axentes normalizadores cara á cidadanía.*

Medidas ou actuacións concretas

Remiten á idea de acción concreta, xa que teñen un carácter máis focalizado e derivan dunha ou varias liñas de acción.

Correspóndense ao nivel de **planificación operativa**.

Exemplo: *achegar información dos estudos e datos que dan conta da situación da lingua na Administración e da demanda dos cidadáns a ser atendidos en galego no seu trato co Concello.*

7.2. OBXECTIVOS XERAIS E DIRECTRICES ESTRATÉXICAS DO PLAN

OBXECTIVOS XERAIS

- × Facer normal o uso do galego en calquera ámbito da sociedade viguesa.
- × Gañar funcións e espazos de uso para o galego.
- × Velar polos dereitos lingüísticos da cidadanía.
- × Implicar no proceso de normalización lingüística as diferentes entidades da sociedade viguesa e as institucións públicas da cidade.
- × Proporcionarlle ao conxunto da cidadanía, dos e das profesionais, e ás entidades e institucións da cidade os recursos e apoios necesarios de cara á incorporación do galego nas actividades desenvolvidas, de forma que aseguren unha plena capacitación lingüística do seu persoal.

DIRECTRICES ESTRATÉXICAS

1. O Plan de Dinamización Lingüística debe concibirse como un instrumento que orienta, enmarca e impulsa o conxunto das accións de promoción social do uso do galego; trátase dun guieiro útil e flexible que non esgota as posibilidades de acción e que debe ter capacidade para adaptarse aos cambios e aos novos retos que xurdan.
2. Unha das claves para o éxito no desenvolvemento do PDL é a construción e mantemento ao longo de todo o proceso dun consenso estratéxico político e social que corresponsabilice o conxunto dos participantes na promoción da lingua galega.
3. O Concello de Vigo é a institución clave no desenvolvemento do PDL. Asume unha función activadora e dinamizadora para a execución das accións previstas e para a implicación do conxunto de axentes sociais estratéxicos da cidade.
4. O PDL debe concibirse como unha actuación transversal do Concello, polo que os seus obxectivos deben ser asumidos polo conxunto dos departamentos municipais.

5. A función activadora e dinamizadora do Concello de Vigo no proceso de desenvolvemento do PDL debe traducirse nun compromiso da institución municipal coa dotación dos recursos necesarios para o cumprimento dos obxectivos.
6. O Servizo de Normalización Lingüística constitúe o departamento central á hora de desenvolver accións de promoción da lingua, tanto a nivel da Administración municipal como a nivel das dirixidas ao conxunto da cidadanía viguesa. De cara a unha maior capacidade de acción e baseándose na súa aposta no plano dinamizador, cómpre dotalo dos recursos económicos e humanos que garantan a súa función.
7. A capacidade relacional do SNL cos departamentos municipais, así como cos axentes sociais da cidade, sitúano nun lugar de referencia á hora de contrastar e apoiar o desenvolvemento das accións recollidas no PDL.
8. A aposta pola promoción de gabinetes de normalización lingüística naqueles organismos ou entidades que engloban varios colectivos (organizacións empresarias, federacións deportivas, etc.) debera ser un instrumento de apoio de cara á promoción do galego nos sectores estratéxicos da cidade.
9. Potenciar acordos con outras administracións, nomeadamente coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, trasladándolle as propostas recollidas no PDL de cara ao apoio e acompañamento daquelas accións que cómpre desenvolver conxuntamente.
10. O desenvolvemento das accións previstas no PDL debe contar, igual que no proceso de deseño, coa implicación dos distintos axentes sociais e institucionais. O Concello promoverá a actuación coordinada e sinérxica dos diferentes actores implicados na promoción social do galego.
11. O Concello apoiará todas as iniciativas promovidas polas entidades sociais, sendo un dos obxectivos crear redes de axentes dinamizadores e xerar dinámicas autónomas e sostidas de promoción do galego.

12. Debe aproveitarse o capital relacional xerado no proceso de elaboración do PDL e tecer redes de información e de cooperación que permitan unha actuación coordinada e sinérxica dos distintos actores implicados no proceso.
13. A implementación do PDL debe manter a lóxica da planificación:
 - ✗ incorporando sistemas de programación, seguimento e avaliación das accións previstas,
 - ✗ fixando prazos e asignando recursos,
 - ✗ establecendo mecanismos de medida e corrección das accións.
14. O Consello Social da Lingua Galega e a Comisión Cidadá de Normalización Lingüística son os órganos centrais de pulo para o desenvolvemento do PDL, así como para o seu seguimento, avaliación e garantía de cumprimento.
15. Aproveitar os cambios estratéxicos (incorporación das tecnoloxías da información e a comunicación, procesos de mellora organizativa...) e os momentos constitutivos (nos que a introdución do galego é máis doada) como oportunidade para a introdución da lingua galega.
16. O PDL debe ser publicado e difundido socialmente entre os sectores e ámbitos en que se basea a súa intervención.

8. SECTORES: DIRECTRICES, OBJETIVOS E MEDIDAS DE ACTUACIÓN

8.1. SECTOR DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

DIRECTRICES ESTRATÉXICAS

- ✖ Potenciar o papel da Administración municipal como institución referente na promoción da lingua galega.
 - ✖ Asumir, desde o Concello, unha función activadora e dinamizadora de cara á implicación dos axentes sociais estratéxicos da cidade na promoción da lingua galega.
 - ✖ Acadar un pacto estratéxico por parte do conxunto das forzas políticas con representación municipal que as involucre no compromiso de asumir a defensa da lingua galega como un obxectivo central da súa actuación de goberno.
 - ✖ Reforzar o Servizo de Normalización Lingüística para que poida asumir a coordinación do proceso de desenvolvemento do PDL, ofrecendo un apoio constante ás iniciativas de dinamización lingüística xurdidas dos diferentes sectores.
 - ✖ Articular mecanismos de colaboración entre o Concello, a Administración autonómica e outras administracións e institucións que permitan o desenvolvemento do PDL do Concello de Vigo.
-

Obxectivo 1: Potenciar o Concello no seu papel como axente articulador e promotor da lingua galega na cidade.

Liñas de acción:

- ✖ Desenvolver desde a Administración local o protagonismo e o liderado no proceso de normalización lingüística en xeral e na implementación do PDL do Concello de Vigo en particular.
- ✖ Establecer os mecanismos necesarios para o seguimento, cumprimento e avaliación das distintas intervencións a desenvolver no conxunto do PDL.
- ✖ Ofrecer un apoio constante ás iniciativas de dinamización lingüística xurdidas dos diferentes actores da sociedade civil e dos actores estratéxicos da cidade a través da coordinación e apoio aos procesos e actividades.

Medidas:

1. Creación dunha comisión dirixida ao seguimento do cumprimento e avaliación das medidas contempladas para a institución municipal no PDL e da Ordenanza municipal de normalización lingüística.
2. Establecemento de acordos de avaliación e seguimento do impacto das axudas públicas para a promoción do galego.
3. Organización de encontros e charlas coas entidades e colectivos das distintas áreas sociais para achegar a realidade sociolingüística do sector e para reflexionar sobre as súas potencialidades como actores estratéxicos na promoción da lingua galega.
4. Establecemento de liñas de colaboración e coordinación entre o SNL do Concello e os servizos de normalización vinculados ás asociacións e entidades empresarias, veciñais, universidade, etc., da cidade co fin de organizar actividades conxuntas.
5. Implicación dos distintos departamentos municipais na coordinación conxunta de actividades de promoción da lingua galega xunto cos distintos axentes estratéxicos.
6. Aproveitamento e potenciación da páxina web do Concello para fornecer a cidadanía e as entidades sociais das actividades e ferramentas de apoio para a promoción da lingua galega.
7. Creación dunha emisora de radio municipal en galego.

Obxectivo 2: Garantir o uso normalizado da lingua galega nas actividades e funcionamento do Concello.

Liñas de acción:

- ✦ Garantir o cumprimento da Ordenanza municipal de normalización lingüística e dos dereitos lingüísticos da cidadanía.
- ✦ Reforzar o SNL, dotándoo dos recursos necesarios e posicionando o servizo nun departamento central e estratéxico da organización municipal.
- ✦ Vincular a promoción do galego na institución municipal aos procesos de mellora organizativa, principalmente como criterio de calidade na atención á cidadanía.

Medidas:

1. Sinatura dun acordo entre os diferentes grupos municipais para que as persoas membros da corporación se expresen en galego nas súas comparecencias públicas e declaracións aos medios de comunicación.
2. Establecemento dos criterios de uso exclusivo ou preferente do galego nos actos oficiais e institucionais do Concello.
3. Negociación cos medios de comunicación dun acordo para que as notas de prensa do Concello e as declaracións feitas en galego polos representantes públicos sexan respectadas.
4. Analizar a posibilidade de revisión e readaptación da Ordenanza municipal de NL. Difundir esta ordenanza entre os cargos públicos e o persoal do Concello.
5. Facer un seguimento do cumprimento da ordenanza por parte das empresas concesionarias.
6. Nos pregos de condicións e concursos, establecer que se inclúa de oficio a cláusula de que “as ofertas e estudos técnicos que se acompañen deben, polo menos, estar redactadas en galego”.
7. Difusión entre as empresas municipais dos recursos e produtos lingüísticos que faciliten a autonomía en lingua galega no desempeño do seu traballo.
8. Exigencia de que as actividades, actos e publicidade patrocinados polo Concello estean en galego.
9. Establecer que os actos xurídicos documentados, as relacións xurídicas e notariais da Administración municipal, que se refiran a actividades de ámbito galego, se realicen en lingua galega. Reclamarlle desde o Concello á Administración de Xustiza que toda a documentación que lle sexa remitida ao Concello estea redactada en galego.
10. Garantir que toda a documentación escrita de todos os departamentos e organismos do Concello estea en galego.
11. Establecer que as respostas telefónicas da Administración a todo cidadán ou cidadá deben ser, en principio, en galego (oferta positiva).
12. Establecer o galego como lingua de contacto inicial do persoal do Concello nas relacións presenciais coa cidadanía (oferta positiva).
13. Definición dos criterios lingüísticos unificados para a galeguización plena da imaxe corporativa e a sinalización de todas as instalacións municipais.

14. Inclusión da observancia do cumprimento dos dereitos lingüísticos da cidadanía nos obxectivos do Valedor do Cidadán.
 15. Colocación, en cada posto de atención á cidadanía e en lugar ben visible, dun cartel que informe do dereito do cidadán ou cidadá a dirixirse en galego á Administración (oferta informativa).
 16. Dotación ao SNL dos recursos económicos e técnicos necesarios para o desenvolvemento das súas funcións.
-

Obxectivo 3: Implicar o persoal do Concello no proceso de normalización lingüística da organización municipal.

Liñas de acción:

- ✘ Concienciar o persoal do vínculo existente entre a NL e o desempeño da función pública municipal e da súa importancia no proceso de NL da institución municipal.
 - ✘ Definir a práctica da oferta positiva por parte do persoal como un obxectivo desexable a conseguir a medio prazo.
 - ✘ Implicar o persoal no proceso de detección de necesidades e identificación de problemáticas, e no deseño, implementación e avaliación das distintas intervencións.
-

Medidas:

1. Dar a coñecer entre o persoal a Ordenanza municipal de NL, os resultados do PDL do Concello de Vigo e os dereitos e obrigas lingüísticas da cidadanía e as súas propias como funcionariado.
 2. Dar a coñecer entre o persoal a oferta de actividades e servizos que desenvolve o SNL, dotándoo de visibilidade e centralidade na estrutura municipal.
 3. Promoción e coordinación, desde o SNL, de actividades e accións conxuntas entre departamentos municipais.
 4. Organización de seminarios de sensibilización para implicar o persoal no proceso de NL no Concello en xeral e na práctica da oferta positiva en particular.
 5. Promoción de liñas de colaboración do funcionariado implicado na NL para o desenvolvemento de actividades de sensibilización e dinamización.
 6. Elaboración e difusión dun catálogo de boas prácticas nos usos lingüísticos.
 7. Creación dun premio anual ao departamento máis implicado no proceso de NL da institución municipal.
 8. Implicación do persoal no deseño, implementación e avaliación das distintas intervencións que se leven a cabo.
 9. Implicación dos departamentos na difusión de axudas e actividades dirixidas aos actores sociais do Concello.
-

Obxectivo 4: Favorecer a seguridade no uso da lingua galega entre o persoal municipal.

Liñas de acción:

- ✖ Poner os medios necesarios á disposición do persoal para que poidan desenvolver o seu traballo en galego con fluidez e con corrección oral e escrita.
- ✖ Fixar como obxectivo, nos procesos de formación e actualización profesional do persoal, a mellora da competencia técnica e de actitudes favorables ao galego.
- ✖ Implicar as traballadoras e os traballadores no deseño da formación lingüística.
- ✖ Definir a cuestión lingüística na determinación dos perfís laborais do persoal municipal.

Medidas:

1. Establecer na intranet do Concello un sistema de asesoramento lingüístico en liña, implicando o Departamento de Informática.
2. Realización de encontros de traballo entre o SNL e os responsables dos distintos departamentos para o deseño da formación e do apoio lingüístico.
3. Implicación do Departamento de Persoal na organización de actividades formativas para que se inclúa o galego como lingua vehicular na formación continua, así como na organización de cursos en lingua galega.
4. Organización de seminarios de formación de atención ao público e de deseño de documentación en galego.
5. Organización de seminarios de linguaxe administrativa e de linguaxes de especialidade.
6. Dar a coñecer e achegar ao conxunto dos departamentos a *Guía de documentos*.
7. Fornecer o persoal dos recursos informáticos e formativos necesarios para un uso autónomo do galego (software, correctores ortográficos...).
8. Consensuar un documento no que se identifiquen os usos lingüísticos que deben estar asociados a cada tipo de desempeño laboral.
9. Establecer as modificacións normativas regulamentan a capacidade lingüística exigible nos procesos de acceso á función pública e no desempeño desta función.

8.2. SECTOR ENSINO E MOCIDADE

DIRECTRICES ESTRATÉXICAS

- ✘ Vincular a lingua galega ás actividades ofertadas desde os centros de ensino.
 - ✘ Implicar as familias nas actividades de promoción da lingua galega.
 - ✘ Aproveitar o potencial da oferta musical, deportiva e de ocio da cidade para incorporar o galego ás actividades e accións dirixidas á mocidade.
 - ✘ Aproveitar as posibilidades que ofrece a estrutura xuvenil da cidade para gañar usos para o galego ligándoo aos eventos e momentos de ocio e ás actividades das asociacións e colectivos xuvenís.
-

Obxectivo 1: Acadar un uso normalizado do galego nas iniciativas e actividades que desenvolven os centros de ensino.

Liñas de acción:

- ✖ Garantir o uso do galego como lingua vehicular nas actividades e material de traballo dos centros de ensino e das escolas infantís municipais.
- ✖ Establecer os mecanismos de apoio e acompañamento que faciliten o traballo dos centros de ensino e que aseguren o cumprimento da normativa vixente.
- ✖ Promover a difusión e creación de material didáctico e de apoio nas aulas en galego.
- ✖ Apoiar e valorar as iniciativas e experiencias normalizadoras que se están desenvolvendo.
- ✖ Difundir entre a comunidade educativa os estudos e datos que dan conta da situación da lingua galega no ensino e das potencialidades que exerce a escola, e a comunidade escolar no seu conxunto, como axente estratéxico para o desenvolvemento de medidas de promoción da lingua.

Medidas:

1. Recoñecemento, mediante un premio anual, ao centro que desenvolvese o traballo ou a iniciativa dinamizadora máis innovadores.
2. Divulgación dos traballos e iniciativas que desde os centros de ensino se están desenvolvendo de cara á promoción da lingua.
3. Contacto permanente entre o SNL do Concello e os equipos de normalización lingüística dos centros para desenvolver iniciativas conxuntas e coñecer as súas necesidades e demandas.
4. Promoción de grupos de traballos por centros onde se poidan abordar iniciativas normalizadoras.
5. Oferta de seminarios e obradoiros formativos dirixidos aos colectivos do profesorado onde se poidan traballar a expresión e competencias orais en galego.
6. Promoción da figura do coordinador de galego, ou aproveitamento dos equipos de normalización lingüística de cara ao deseño de actividades de dinamización lingüística.
7. Promoción de convenios co CEFORE para o fomento de actividades formativas dirixidas aos docentes en materia de sociolingüística.
8. Oferta de actividades atractivas no ámbito extraescolar ofrecida polos centros de ensino onde a lingua vehicular e os materiais de traballo estean en galego.
9. Implicación do Departamento de Educación e Mocidade nas iniciativas de promoción lingüística, colaborando na elaboración de material didáctico e nas actividades dirixidas aos nenos e nenas.
10. Valorización dos contratos coas empresas municipais que desenvolven actividades dirixidas aos nenos e ás nenas e á mocidade para que a lingua vehicular (oral e escrita) sexa o galego.
11. Recompilación e difusión dos estudos e documentos que dan conta da situación da lingua galega no Concello e especificamente da situación no ensino, acompañados de charlas ou grupos de debate.
12. Recompilación e divulgación (folletos, información dirixida aos centros), a través da web do Concello (Servizo de Normalización e Departamento de Educación) dos materiais de apoio en galego.

Obxectivo 2: Promover unha mellor actitude das familias para que cumpran un papel máis activo na promoción do galego.

Liñas de acción:

- ✘ Concienciar as familias da importancia da transmisión da lingua.
- ✘ Fomentar unha maior implicación das familias nos aspectos educativos e na promoción da lingua.

Medidas:

1. Difusión, entre as familias, dos estudos e datos que dan conta da situación da lingua, con especial atención á poboación máis nova e a importancia da transmisión interxeracional.
 2. Promoción de contactos coas ANPAS dos centros da cidade para recoller as propostas e deseñar estratexias normalizadoras nos centros de ensino.
 3. Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega dirixida aos pais e nais, implicando profesionais e persoas recoñecidas e con proxección pública.
 4. Deseño de iniciativas de promoción da lingua galega entre os pais e nais primeirizos.
 5. Promoción dunha campaña de cinema, teatro e outro tipo de actividades dirixido ás asociacións de veciños para a divulgación de películas e/ou espectáculos en galego.
 6. Sinatura de convenios coas áreas e centros comerciais da cidade para o desenvolvemento de actividades de ocio en galego dirixidas aos máis novos.
 7. Oferta de obradoiros de expresión oral en galego dirixidos aos pais e nais.
-

Obxectivo 3: Implicar os xestores e programadores da oferta lúdica xuvenil na promoción social do galego.

Liñas de acción:

- ✘ Concienciar os xestores e programadores de actividades culturais e de ocio para incorporar o galego nas actividades que ofertan.
- ✘ Potenciar a oferta cultural e de ocio feita en galego.
- ✘ Crear novos espazos e ofertar produtos culturais e de ocio en galego.

Medidas:

1. Establecemento de cláusulas que aseguren que as actividades sexan en galego.
 2. Seguimento do cumprimento das actividades que se van desenvolver a través dos convenios.
 3. Organización, xunto cos promotores, de concertos con bandas galegas e outro tipo de actividades, implicando o Departamento de Mocidade e o de Cultura.
 4. Convocatoria dun concurso de ideas para a promoción do galego.
-

Obxectivo 4: Fomentar o uso do galego entre os colectivos xuvenís da cidade.

Liñas de acción:

- ✘ Potenciar o uso do galego entre a mocidade e entre os colectivos xuvenís.
- ✘ Ligar o galego ás actividades culturais e de ocio promovidas pola mocidade e para a mocidade.
- ✘ Implicar os mozos e mozas na promoción da lingua galega.

Medidas:

1. Divulgación entre as asociacións dos recursos en lingua galega.
 2. Promoción de obradoiros dirixidos a traballar a comunicación oral en galego.
 3. Promoción do voluntariado lingüístico.
 4. Recoñecemento á entidade xuvenil que destaque polo seu labor na promoción lingüística.
 5. Convenio coa universidade para o desenvolvemento de prácticas dos estudantes en lingua galega nas entidades e colectivos xuvenís.
 6. Convenios coas operadoras de móbiles para poder ofertar os servizos en galego.
 7. Campaña publicitaria de promoción da lingua galega, implicando algunha banda de música ou grupo de referencia entre a mocidade.
-

8.3. SECTOR MEDIOS DE COMUNICACIÓN

DIRECTRICES ESTRATÉGICAS

- × Utilizar a publicidade como soporte para a difusión e promoción do galego.
 - × Aproveitar a aparición de novos medios de comunicación de cara á introdución do uso do galego.
 - × Ligar as noticias ao uso do galego como elemento de proximidade cos lectores.
-

Obxectivo 1: Incentivar o uso do galego nos medios de comunicación e na súa publicidade.

Liñas de acción:

- ✦ Introducir liñas de reflexión entre os equipos directivos sobre a importancia dos medios de comunicación no proceso de NL.
- ✦ Facer visible, ante os e as profesionais e axencias de publicidade os beneficios derivados dun maior uso do galego nos medios de comunicación.
- ✦ Incorporar as asociacións profesionais nas estratexias de promoción conxunta do galego e sensibilizar os e as profesionais sobre a importancia do seu papel no proceso de NL.
- ✦ Promover a utilización do galego nos medios de comunicación de nova creación e de menor audiencia, así como nas edicións dixitais.

Medidas:

1. Divulgación, entre os medios de comunicación, dos estudos e datos que dan conta da situación sociolingüística e da súa relevancia como actores estratéxicos nos procesos de dinamización e promoción da lingua galega.
2. Divulgación das axudas públicas existentes para o uso do galego no sector.
3. Procurar compromisos dos medios de comunicación para unha introdución progresiva do galego naquelas seccións en que está tradicionalmente ausente (economía, deporte, internacional...).
4. Promoción de que a noticia do día sexa en galego.
5. Promoción de compromisos dos medios de comunicación para que os e as xornalistas se adapten á lingua do entrevistado cando esta sexa o galego.
6. Creación dunha versión galega das páxinas web dos medios de comunicación e difusión e divulgación dos servizos de tradutores de xornais.
7. Respecto á lingua na que se recollen as declaracións institucionais e documentos oficiais en galego. Procurar compromisos dos medios de comunicación para que non traduzan ao castelán as declaracións feitas en galego.
8. Oferta de servizos de publicidade en galego.
9. Deseño dunha campaña de promoción do galego nas entidades sociais que dispoñen de medios de comunicación propios e naqueles de menor audiencia.
10. Incremento de seccións dirixidas a dar conta das iniciativas e situación sobre a nosa lingua.
11. Aproveitar a vertebración do sector e os colectivos e entidades profesionais (clubs de prensa, colexio de xornalistas) para o deseño de accións conxuntas de promoción lingüística.
12. Lanzamento nas promocións xornalísticas de produtos literarios, audiovisuais e informáticos en galego.

Obxectivo 2: Fomentar o uso da lingua galega entre os profesionais e persoal dos medios, dotándoos dos recursos necesarios.

Liñas de acción:

- × Difundir entre os profesionais os recursos e ferramentas en galego.
- × Promover a actualización profesional dos e das xornalistas e persoal dos medios, a mellora da competencia técnica en galego e as actitudes favorables ao galego.

Medidas:

1. Realización dunha detección de necesidades de recursos e formación en galego.
2. Vinculación do galego ás accións formativas ofertadas polos diferentes axentes (medios, universidades, colexios profesionais, etc.).
3. Recompilación e difusión dos materiais e instrumentos básicos que faciliten o uso do galego polos profesionais (software básico, correctores, léxico...).
4. Deseño e difusión de manuais de estilo.
5. Programación de accións formativas que lles permitan aos e ás profesionais o desenvolvemento do seu labor xornalístico en galego, adaptadas ás necesidades e medios nos que desenvolven o seu traballo.
6. Promoción nos medios de comunicación de profesionais da tradución e interpretación.
7. Creación de gabinetes de normalización lingüística.

Obxectivo 3: Promover a utilización do galego nas novas producións editoriais.

Medidas:

- × Introducción do galego nas edicións doutros xéneros diferentes ás humanidades e ciencias sociais.
- × Promoción de encontros de creadores de *blogs* galegos nos que se reflexione sobre a súa importancia na dinamización lingüística.
- × Promoción de produtos e subscricións literarias e audiovisuais en galego dirixidos á infancia e á mocidade.
- × Incremento da política de tradución e difusión ao galego das obras máis significativas da literatura universal.

8.4. SECTOR ASOCIATIVO

DIRECTRICES ESTRATÉGICAS

- ✦ Facer un acompañamento e seguimento especial nos sectores e entidades con máis dificultades para iniciar procesos de dinamización lingüística.
 - ✦ Reforzar a presenza do galego nos momentos constitutivos ou iniciais das asociacións.
 - ✦ Aproveitar a fortaleza do movemento asociativo vigués e da súa infraestrutura (centros cívicos, veciñais, culturais, deportivos...) para o desenvolvemento de accións de promoción do galego.
 - ✦ Valorizar o tecido asociativo e cultural da cidade comprometido coa promoción do galego como actores dinamizadores do proceso de implicación do conxunto do tecido asociativo e sociocultural vigués.
 - ✦ Aproveitar as posibilidades que ofrece o sistema de axudas públicas do Concello para gañar usos para o galego nas actividades das asociacións, colectivos socioculturais, institucións e centros de estudos.
 - ✦ Ligar as intervencións de dinamización e sensibilización a actos festivos, lúdicos, deportivos e de recoñecemento social.
-

Obxectivo 1: Implicar o tecido asociativo e sociocultural vigués na promoción social do galego.

Liñas de acción:

- ✦ Concienciar o tecido asociativo e sociocultural do seu protagonismo no proceso de normalización lingüística.
- ✦ Establecer contactos e lograr acordos estratéxicos coas federacións que aglutinen entidades menores para lograr a implicación do conxunto do sector na dinamización lingüística.
- ✦ Potenciar o traballo en rede e a cooperación entre o conxunto do tecido asociativo e sociocultural e entre este e outras entidades (ENL, ANPAS, entidades deportivas...) na promoción social do galego.
- ✦ Manter desde a Concellería de Normalización Lingüística e o Servizo de Normalización Lingüística un constante apoio e colaboración co tecido asociativo e sociocultural implicado na NL. Acompañamento e seguimento especial das primeiras medidas en sectores e entidades con máis dificultades para iniciar procesos de dinamización lingüística.

Medidas:

1. Difusión da realidade sociolingüística dos barrios e parroquias de Vigo entre os colectivos da cidade.
 2. Sensibilizar as AAVV e sociocomunitarias da funcionalidade do galego no proceso de recuperación e reforzo da identidade dos barrios e parroquias e do conxunto da cidade.
 3. Difusión do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega e do Plan de Dinamización Lingüística do Concello.
 4. Celebración de encontros coas directivas das AAVV (priorizando as AAVV do núcleo urbano) para identificar as súas necesidades e problemáticas en materia lingüística
 5. Celebración de encontros coas directivas de clubs privados e Institucións e centros de estudos para establecer acordos e lograr compromisos mínimos de uso e promoción do galego.
 6. Promoción e creación de vogalías de lingua nas AAVV e nos centros culturais.
 7. Promoción e creación de redes localizadas territorialmente que agrupen persoas e/ou entidades de cada barrio e parroquia para desenvolver accións de sensibilización e dinamización lingüística e poñelos en contacto co conxunto de entidades sociais implicadas na promoción social do galego.
 8. Recoñecemento, a través dun premio, ás entidades máis implicadas na promoción social do galego.
-

Obxectivo 2: Potenciar o uso do galego nas iniciativas e actividades das asociacións, colectivos socioculturais e institucións e centros de estudos.

Liñas de acción:

- × Aproveitar as posibilidades que ofrece o sistema de axudas públicas do Concello para gañar usos para o galego nas actividades das asociacións, colectivos socioculturais, institucións e centros de estudos.
- × Incidir na utilización do galego nas actividades tradicionalmente máis castelanzadas.
- × Promover a innovación no deseño de actividades culturais e divulgativas e incorporar o galego no seu desenvolvemento.
- × Promover a produción e consumo de produtos culturais en galego.

Medidas:

1. Creación dunha liña específica de axudas públicas ás actividades e iniciativas culturais e divulgativas orientadas expresamente á sensibilización e dinamización lingüística.
2. Reforzo do sistema de axudas do Concello ás actividades e iniciativas culturais e divulgativas que teñan o galego como lingua vehicular en calquera soporte. Apoiar desde o Concello, a través das concellerías que manteñen maior relación coas entidades e colectivos sociais (a maiores do SNL, Participación Cidadá, Cultura, Mocidade, etc.) a divulgación e apoio para o acceso e tratamento das axudas.
3. Introducción de cláusulas lingüísticas no sistema xeral de axudas do Concello ás actividades das asociacións, colectivos socioculturais, institucións e centros de estudos.
4. Promoción da participación das asociacións e colectivos socioculturais nas iniciativas de promoción do galego (Correlingua, Letras Galegas...).
5. Apoio aos programas de actividades do Día das Letras Galegas organizados polas asociacións e colectivos socioculturais.
6. Edición dunha revista municipal en galego con contidos atractivos para as novas xeracións.
7. Creación e difusión dunha base de datos con recursos lúdicos e educativos dirixido ás asociacións e colectivos socioculturais.
8. Organización de accións de sensibilización e dinamización coas vogalías de xuventude das asociacións.
9. Celebración de encontros coas comisións de festas dos barrios e parroquias e procura de acordos para garantir a presenza do galego nas actividades programadas (actividades culturais, lúdicas e musicais, publicidade...).
10. Promoción, co apoio das concellerías correspondentes e coa participación das asociacións sociais e colectivos a prol da lingua de servizos de voluntariado lingüístico.

Obxectivo 3: Proporcionar os recursos e a cualificación necesaria que faciliten o uso do galego por parte das asociacións, colectivos socioculturais, institucións e centros de estudos.

Liñas de acción:

- ✦ Contribuír desde o Concello coas ferramentas e recursos necesarios para un emprego normalizado do galego.
 - ✦ Establecer desde o Servizo de Normalización Lingüística liñas de apoio e asesoramento lingüístico.
-

Medidas:

1. Achegamento ás asociacións, colectivos socioculturais, institucións e centros de estudos das ferramentas e materiais necesarios para o emprego normalizado do galego na comunicación interna e externa e no seu funcionamento cotiá (vocabularios, manuais de estilo, guías de documentos, programas informáticos...).
 2. Facilitación, desde as páxinas web das concellerías responsables dos modelos de escritos (estatutos, actas de acordos, etc.) en galego.
 3. Oferta, desde a páxina web do Concello, dos recursos (informáticos, asesoramento, iniciativas, actividades) dirixidas aos colectivos e á cidadanía en xeral.
 4. Establecemento de liñas de axuda e asesoramento aos procesos de galeguización sostidos dirixidos ás asociacións e entidades que o demanden.
 5. Creación e difusión dos recursos existentes para a galeguización das entidades.
 6. Dar a coñecer a política de axudas da Concellería de Normalización Lingüística e da Secretaría Xeral de Política Lingüística.
-

8.5. SECTOR INMIGRACIÓN

DIRECTRICES ESTRATÉGICAS

- × Dar a coñecer e promover a lingua galega entre o colectivo inmigrante.
- × Aproveitar as boas actitudes e valorización que o colectivo inmigrante ten da lingua e cultura galega.
- × Artellar mecanismos de colaboración coas asociacións de inmigrantes que promovan o intercambio cultural e lingüístico.

Obxectivo 1: Implicar as asociacións de inmigrantes e as organizacións sociais que traballan no sector na promoción social do galego como factor de integración.

Liñas de acción:

- × Concienciar as asociacións de inmigrantes e as organizacións sociais da súa importancia na promoción social do galego.
- × Fomentar as relacións e o traballo en rede das asociacións de inmigrantes, organizacións sociais que traballan no sector e as distintas entidades do tecido social implicadas na NL.
- × Potenciar o valor estratéxico que para a NL ten o importante continxente de poboación inmigrante lusófona.

Medidas:

1. Establecer que as distintas administracións, os servizos e as organizacións sociais informen as persoas inmigrantes da realidade sociolingüística de Galicia e do estatuto xurídico do galego. Facer as xestións oportunas para que os consulados dos diferentes estados presentes na cidade adopten a mesma medida.
2. Celebración de encontros coas asociacións de inmigrantes e coas organizacións sociais que traballan coas persoas inmigrantes para identificar as necesidades e problemáticas do colectivo en materia lingüística.
3. Celebración no Consello Galego da Inmigración dunha sesión monográfica na que se aborde a cuestión da normalización lingüística e a inmigración.
4. Implicación do Consulado de Portugal e o Instituto Camões da Lingua na difusión entre a comunidade portuguesa de información relativa á realidade sociolingüística de Galicia.
5. Dar a coñecer o estipulado no PXNLG no campo da inmigración.

Obxectivo 2: Diseñar e desenvolver un programa de accións de sensibilización e dinamización lingüística entre a poboación inmigrante.

Liñas de acción:

- × Ligar as intervencións de dinamización e sensibilización a actos festivos, lúdicos, deportivos e de relación social.
- × Priorizar o traballo na xente nova e potenciar as accións fundamentadas na interculturalidade e na relación social.
- × Fomentar o traballo en rede das asociacións de inmigrantes, organizacións sociais que traballan con inmigrantes, as distintas entidades do tecido social e as institucións educativas no traballo de sensibilización.
- × Promover a comprensión da dimensión internacional do galego.
- × Potenciar a sensibilización e dinamización coas asociacións de inmigrantes e co conxunto da poboación orixinaria dos países lusófonos.

Medidas:

1. Promoción e organización, desde as asociacións de inmigrantes, as organizacións sociais que traballan no sector e as distintas entidades do tecido social, dun acto festivo en que estean presentes as diferentes linguas e culturas e a lingua e cultura galegas en clave de identidade.
2. Promoción do asociacionismo entre a poboación inmigrante e o acceso a infraestruturas e recursos para organización de actividades nas que tamén están presentes a lingua e a cultura galega.
3. Organización de visitas dirixidas á infancia e á mocidade de orixe inmigrante a lugares nos que poidan entrar en contacto coa lingua e cultura galega.
4. Organización de obradoiros de sensibilización e dinamización sociolingüística, con metodoloxías de animación sociocultural (actividades lúdicas, musicais e deportivas), dirixidos á mocidade en particular e ao conxunto da poboación inmigrante en xeral.
5. Promoción de iniciativas como o voluntariado lingüístico entre asociacións de inmigrantes.
6. Organización de xornadas e seminarios sobre interculturalidade nos centros educativos.
7. Creación dun premio anual que recoñeza a asociacións de inmigrantes que máis destaquen polo uso do galego.
8. Promoción de accións de intercambio cultural co mundo lusófono: irmandades entre asociacións, excursións e viaxes de intercambio, xornadas culturais, proxección de cinema en portugués...

Obxectivo 3: Proporcionar os recursos e a cualificación necesaria que faciliten o uso do galego por parte das persoas inmigrantes e das asociacións de inmigrantes.

Liñas de acción:

- × Implicar o Concello, as asociacións de inmigrantes, os servizos e organizacións sociais que traballan coas persoas inmigrantes no proceso de reordenación, ampliación e difusión da oferta de formación en lingua galega.
- × Iniciar un proceso de reordenación da oferta de cursos e de deseño dun sistema de incentivos para a aprendizaxe do galego.

Medidas:

1. Establecer que as distintas administracións, os servizos e as organizacións sociais difundan e informen as persoas inmigrantes da oferta formativa de cursos de galego. Facer as xestións oportunas para que os consulados dos diferentes estados presentes na cidade adopten a mesma medida.
 2. Ampliación da oferta de cursos de lingua e cultura galega dirixidos á poboación inmigrante.
 3. Introducción progresiva do galego nos cursos de formación básica e especializada, facilitando o acceso da poboación inmigrante.
 4. Organización, xunto coas asociacións de inmigrantes e as entidades culturais da cidade, de obradoiros e seminarios de literatura galega e doutras linguas e culturas.
 5. Deseño dun sistema de incentivos en que a aprendizaxe do galego por parte das persoas inmigrantes sexa considerada como un mérito recoñecido e certificado oficialmente.
 6. Recompilación e difusión dun paquete básico de recursos e ferramentas para o funcionamento en galego dirixido ás asociacións de inmigrantes.
-

8.6. SECTOR CRENZAS RELIXIOSAS

Obxectivo 1: Promover a implicación das institucións relixiosas e das comunidades de fieis na promoción do galego.

Liñas de acción:

- × Establecer unha canle de diálogo permanente coa xerarquía eclesiástica da diocese Tui-Vigo e procurar o seu compromiso e implicación no proceso de promoción do galego.
- × Priorizar o traballo de sensibilización nos axentes de pastoral.

Medidas:

1. Negociar co Bispado a redacción e publicación dunha pastoral en que se manifeste o compromiso da xerarquía eclesiástica coa promoción do uso do galego na vida relixiosa.
 2. Negociar co Bispado un progresivo aumento do uso do galego nos actos litúrxicos.
 3. Negociar co Bispado un uso mínimo do galego na docencia do seminario.
 4. Promoción dun maior uso do galego como lingua de comunicación da documentación dos organismos relixiosos e dos espazos de comunicación pública da Igrexa.
 5. Promoción da galeguización das publicacións oficiais da Igrexa.
 6. Celebración de encontros con entidades de ámbito relixioso próximas á Igrexa (ONG, grupos de fieis...) e negociar acordos mínimos de uso e promoción do galego.
 7. Deseño de campañas de sensibilización entre os fieis para remover os prexuízos de utilización do galego na liturxia.
 8. Organización dun simposio-encontro que teña como obxectivo a reflexión sobre a diversidade lingüística como característica distintiva da tradición cristiá. Publicar e difundir as actas dos encontros.
 9. Desenvolvemento de actos simbólicos de posta en valor de experiencias de uso do galego no sector eclesiástico. Incidir no exemplo do clero vido de fóra e que aprendeu a lingua galega.
 10. Difusión do PXNLG e o Plan de Dinamización do Concello de Vigo no relativo ao campo das crenzas relixiosas.
-

Obxectivo 2: Potenciar o uso do galego no ámbito relixioso a través da achega de formación, materiais e axudas.

Medidas:

1. Detección das necesidades lingüísticas (formativas e de material) do clero e dos axentes de pastoral.
 2. Deseño e difusión dos materiais en galego de actos litúrxicos, a catequese, a formación dos seminaristas e axentes de pastoral.
 3. Ampliación e mellora da oferta de cursos de galego para os axentes de pastoral.
 4. Celebración de encontros e seminarios de dinamización e sensibilización cos axentes de pastoral.
 5. Celebración de encontros e seminarios de dinamización e sensibilización cos seminaristas.
 6. Deseño dunha campaña informativa dirixida aos fieis de fomento do uso do galego como lingua da documentación (bautizos, matrimonio...).
 7. Difusión de materiais en galego para a liturxia e catequese.
 8. Deseño e posta en marcha dunha experiencia piloto de grupos de catequese en galego.
 9. Establecemento de liñas de axuda para grupos asociados de fieis para actividades en galego.
-

8.7. SECTOR SOCIOECONÓMICO

DIRECTRICES ESTRATÉGICAS

- × Promover a realización de estudos e análises sectoriais para coñecer a evolución en canto ás necesidades e novas demandas do sector en materia lingüística.
 - × Sensibilizar a estrutura asociativa do sector para o deseño de accións de promoción do galego (encontros, charlas, formación...).
 - × Fomentar a presenza da lingua galega nos produtos e servizos ofertados polas empresas.
 - × Facer un acompañamento e seguimento especial nos sectores e entidades con maiores dificultades para iniciar procesos de dinamización lingüística.
 - × Aproveitar a creación ou desenvolvemento do novo empresariado para introducir o galego como lingua de comunicación.
 - × Promover a presenza da lingua galega nos momentos de cambios da imaxe corporativa, na oferta de novos servizos e de produtos das empresas xa asentadas.
 - × Implicar o tecido socioeconómico da cidade máis sensibilizado co proceso de normalización lingüística no desenvolvemento de actividades de promoción do galego.
 - × Abrir novas liñas de incentivos para promover o uso do galego no sector empresarial.
-

Obxectivo 1: Implicar os diferentes actores estratéxicos do sector no desenvolvemento do Plan de Dinamización Lingüística.

Liñas de acción:

- × Sensibilizar os axentes do tecido empresarial e sindical vigués da súa relevancia no proceso de normalización lingüística.
- × Potenciar accións conxuntas de promoción do galego entre os colectivos empresariais e sindicais.

Medidas:

1. Promoción de actos e espazos de encontro (charlas, seminarios, etc.) onde se desenvolvan temas relacionados coa dinamización lingüística e o uso do galego na comunicación e nas actividades empresariais e comerciais.
2. Compromiso desde a Administración local e entidades empresarias de que todos os actos públicos, publicidade e actividades organizadas polas entidades terán o galego como lingua de comunicación.
3. Deseño e difusión dunha campaña de promoción do uso do galego dirixida ao sector.
4. Incorporación do uso do galego como criterio da concesión de axudas públicas.
5. Incorporación do galego ás publicacións editadas desde os colectivos empresariais.
6. Introducción nas publicacións e revistas informativas do sector de seccións referentes á situación do galego.
7. Promoción dun certificado lingüístico ligado á prestación do servizo de calidade no ámbito empresarial.
8. Deseño de actividades conxuntas a través do SNL e dos gabinetes de normalización dependentes das organizacións empresariais e sindicais.
9. Compromiso dos sindicatos nas accións de incorporación de medidas galeguizadoras na empresa, no ámbito das relacións laborais, na formación dos traballadores e das traballadoras e na garantía dos seus dereitos lingüísticos.
10. Creación de SNL interempresariais entre o tecido asociativo empresarial e sindical.

Obxectivo 2: Fomentar o uso da lingua galega na comunicación interna e externa das empresas, comercios e entidades do sector.

Liñas de acción:

- * Garantir que na organización de eventos e actividades o galego sexa a lingua de comunicación.
- * Promover o uso do galego nos produtos e servizos internos das empresas.

Medidas:

1. Recoñecemento, a través da convocatoria dun premio anual, ás entidades e empresas que fomenten o uso do galego, segundo as diversas categorías empresariais.
2. Deseño de campañas de promoción das subvencións para a normalización da rotulación e imaxe corporativa, implicando as entidades, asociacións empresariais e departamentos municipais na iniciativa.
3. Facer un seguimento respecto do compromiso e deber das empresas que se acollen ás subvencións e axudas en materia de promoción da lingua galega
4. Promoción de encontros e difusión da información dirixida ás empresas de rótulos e imprentas procurando o seu compromiso de cara á promoción de servizos e recursos en galego.
5. Deseño e difusión dun guieiro de boas prácticas comunicativas dirixido ao comercio e á hostalería co obxectivo de vincular o galego nas relacións de atención ao público.
6. Deseño de campañas de promoción do uso do galego entre usuarios e clientes.
7. Deseño dunha campaña de promoción da calidade dos servizos e produtos ligados ao uso do galego.
8. Apoio á creación en galego das páxinas web ou calquera outros soporte comunicativo das empresas, asociacións e colectivos do sector.
9. Ampliación do alcance e difusión das liñas de subvención en materia de dinamización lingüística desde a Administración cara ao sector socioeconómico.
10. Desenvolvemento da Lei de normalización lingüística en materia de exencións fiscais para a creación de incentivos indirectos ás empresas.

Obxectivo 3: Priorizar a intervención normalizadora naqueles ámbitos do contorno da empresa considerados estratéxicos e influentes nas prácticas lingüísticas (asesorías, contratos, seguros, provedores, banca, etc.).

Liñas de acción:

- ✘ Implicar o sector empresarial, a través dos colexios profesionais e organizacións profesionais do sector, no seu papel como axentes de promoción e dinamización lingüística.
- ✘ Promover o uso da lingua nas iniciativas profesionais de carácter emprendedor.
- ✘ Implicar os distintos sindicatos nas accións de promoción do galego nas prácticas laborais, fomentando o seu uso nos convenios, acordos, contratos e na oferta formativa.

Medidas:

1. Organización de encontros coas asociacións e colexios profesionais dirixidos á promoción do Plan de Dinamización Lingüística.
 2. Sinatura de acordos de compromiso coas asociacións sindicais que garantan un maior uso do galego nas actividades, relacións laborais, documentos dos convenios, etc.
 3. Elaboración e difusión dun catálogo de boas prácticas nos usos lingüísticos dirixidos ao colectivo de asesorías, aseguradoras, etc.
 4. Promoción de información sobre as axudas de fomento da lingua galega entre os profesionais do sector.
 5. Difusión de ferramentas e dicionarios especializados.
 6. Promoción do Servizo de Normalización Lingüística.
-

Obxectivo 4: Dotar dos medios e recursos necesarios que melloren a capacitación e autonomía en lingua galega dos traballadores e traballadoras.

Liñas de acción:

- ✘ Poner os medios necesarios a disposición dos colectivos empresariais e empresas para que poidan desenvolver o seu traballo en galego.
- ✘ Fixar como obxectivo dos procesos de formación e actualización profesional a mellora da competencia técnica en galego e as actitudes favorables ao galego.
- ✘ Definir a cuestión lingüística na determinación dos perfís laborais.

Medidas:

1. Difusión dos recursos e información sobre o galego no sector a través das páxinas web das organizacións empresarias.
 2. Deseño e desenvolvemento de actividades conxuntas entre o SNL do Concello e os gabinetes de normalización das entidades empresariais.
 3. Promoción de accións formativas que teñan como lingua vehicular o galego.
 4. Oferta de cursos de mellora de prácticas comunicativas (orais e escritas) adaptándoas ás necesidades do sector (hostalería, comercio, etc.) e perfil profesional, con especial atención aos traballadores e traballadoras inmigrantes.
 5. Fornecer as empresas dos recursos informáticos e formativos necesarios para un uso autónomo do galego (software, correctores ortográficos...), complementándoos coa formación necesaria que facilite o manexo destes recursos.
 6. Creación e difusión de recursos materiais propios dirixidos ás empresas.
 7. Acadar o compromiso cos sindicatos na oferta de cursos en galego dentro dos plans formativos ocupacionais e continua.
 8. Promoción de acordos cos sindicatos e outras administracións de cara á definición dos perfís laborais e das necesidades lingüísticas dos traballadores e das traballadoras.
-

9. PARTICIPANTES

Entidades e persoas que formaron parte do proceso participativo de elaboración do Plan de Dinamización Lingüística

As persoas ás que facemos referencia participaron nos espazos de traballo para a elaboración do PDL do Concello de Vigo a través das Mesas ou dos Encontros. No seu caso facemos recollemos o nome das persoas que foron entrevistadas pero que non puideron asistir ás xuntanzas.

MESAS

Mesa Administración Local

- × Ignacio Oliveira. Departamento de Cultura.
- × Pilar Díaz e Pedro Vázquez. Departamento de Educación.
- × María Da Pena e Sonia. Departamento de Persoal.
- × Carlos Leirós Orje. Policía Local.
- × Gabriel Martínez. Departamento de Medio Ambiente.
- × Paz Fernández. Departamento de Servizos Sociais.
- × Manuel Xosé Penela. Secretaría Xeral.
- × Julia Mariño. Departamento de Relacións Públicas e Prensa.
- × Cristina Gómez. Departamento da Muller.
- × Pilar Carneiro. Departamento de Mocidade.
- × Julio Vázquez. Departamento de Participación Cidadá.
- × Pilar Egea. Alcaldía.
- × Luis Cadarso. Departamento de Patrimonio e Contratación.
- × Concepción Cochón. Coordinadora de Traballadores pola Normalización Lingüística.
- × Lois Cea. Verbum.
- × Laura Iglesias. Departamento de Lingua.

Entrevistas:

- × María José Thomás. Departamento de Benestar Social.
- × Xavier Rivas. Departamento de Urbanismo.
- × Emilio Iglesias. Departamento de Vías e Obras.
- × Ricardo Friero. Departamento de Informática.
- × Antón Vidal. Valedor do Cidadán.

Mesa Medios de Comunicación

- ✗ Suso Portela. Diario *Faro de Vigo*.
- ✗ Afonso Eiré. Diario *A Nosa Terra*.
- ✗ Paula García. Editorial Galaxia.
- ✗ Xosé Ballesteros. Editorial Kalandraka.
- ✗ Noemi Rey Pérez. Diario *Qué*.
- ✗ Antón Fernández. Diario *A Peneira*.
- ✗ Xelasio Suárez. Editorial Ir Indo.

Entrevistas:

- ✗ Roberto Fontán. *TeleVigo*.
- ✗ Maite Gimeno. *Galicia Hoxe*.
- ✗ José Manuel Pérez Bouzada. *La Voz de Galicia*.
- ✗ Fernando Ojea. *Atlántico Diario*.
- ✗ María Carmen Etxeberria. *Ser Radio Vigo*.
- ✗ María Rodríguez. *Localia*.
- ✗ Miguel Álvarez. *COPE Vigo*.
- ✗ Manuel Bragado. Edicións *Xerais*.
- ✗ Eduardo Rollán. Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.

Mesa Asociacionismo e Cultura

- ✗ Gerardo Sacau Rodríguez. Instituto de Estudios Vigueses.
- ✗ Xosé Couñago Ribera. Federación de AAVV Eduardo Chao.
- ✗ Benito Pérez González. Entidade Local Menor de Bembrive.
- ✗ María Pereira Otero. Obra Social Caixanova.
- ✗ Xosé Lourido. Agrupación de Centros Culturais.
- ✗ Antonio Amaro. R.C. Náutico de Vigo.
- ✗ Francisco Lores Insua. Liceo Marítimo de Bouzas.
- ✗ Eisenhower Moreno e Roberto Cordovani. Teatro Arte Livre.

Entrevistas:

- × Julio Gómez. SinSal Audio.
- × Xaquín Martínez. La Fábrica de Chocolate.
- × Xose María Pin Millares. Fundación Penzol.
- × Balbino Moreira. Federación de Peñas Recreativas *El Olivo*.
- × Francisco Lores Insua. Liceo Marítimo de Bouzas.

Mesa Socioeconómica

- × Encarna Álvarez García. Asociación de Comerciantes do Calvario.
- × Juan Gómez. Federación Provincial de Empresarios de Hostelería.
- × Lucía Carreira. Asociación de Comerciantes e Hosteleiros Vigo Vello.
- × Manuel Rodríguez Vázquez. Club Financeiro de Vigo.
- × Rubén López. Fundación ProVigo.
- × Blanca Gefaell Chamochín. Consorcio Zona Franca.
- × Antonio Coucheiro Dios. Autoridade Portuaria de Vigo.
- × Clara Seoane. APAP. Asociación de Empresas de Academias Privadas de Enseñanza no Reglada.
- × Olga Alonso. UXT.
- × Quique Del Bosque Zapata. CIG Vigo.
- × Daniel Costas. CCOO.
- × Fernando Ramallo. Universidade de Vigo.

Entrevistas:

- × Miguel Durán. Asociación de Comerciantes de Vigo.
- × José Conde Dávila. Cámara de Comercio.
- × Clara Seoane. APAP. Asociación de Empresas de Academias Privadas de Enseñanza no Reglada.
- × CITROËN

Mesa Ensino e Mocidade

- ✗ Ana Cristina Vila. UXT.
- ✗ Benxamín Rocha. CCOO.
- ✗ Inmaculada Reino González. CIG.
- ✗ Alfonso Guitián Álvarez. Asemblea de Directores de Ensino Público.
- ✗ Santiago Fernández Fandiño (Humphy). Asociación Xuvenil Abertal.
- ✗ Santiago Rodríguez Sánchez. Coordinadora de Equipas de NL de Vigo.
- ✗ Agustín Fernández Paz.
- ✗ Felicidad Caballero. Escola Infantil Caeiro.
- ✗ Dorinda Castro Soliño. Correlingua.
- ✗ María Diéguez. Asociación Socio Pedagóxica Galega.

Entrevistas:

- ✗ Olga Amoedo. UCETAG.

ENCONTROS

Empresas Concesionarias de Servizos Municipais

- ✗ José Luís Pérez Ouro. FCC.
- ✗ Ernesto Rodríguez Comesaña. CYCSA-EYSA.
- ✗ Fernando Folgar Fariña. Aqualia.
- ✗ Juan Carlos Vilarino. VITRASA.
- ✗ Pedro de Diego. EMORVISA.
- ✗ Maselga.

Entidades e clubs deportivos

- ✗ R.C. Celta de Vigo.
- ✗ Fundación Vigo Deporte.
- ✗ AMFIV- Vital Vigo.
- ✗ Hockey Vigo Stick.

Áreas e centros comerciais

- × Centro Comercial Aberto Vigo Vello.
- × Centro Comercial Praza Elíptica.
- × Asociación Comerciantes das Travesas.
- × Area Comercial do Calvario.
- × Área Comercial Gran Vía.
- × Centro Comercial Aberto Zona Centro.
- × El Corte Inglés.

Encontro Igrexa

- × Xulio Andión Marán .

Encontro inmigración

- × Uruguaios Polo Mundo.
- × Lorena Loes. Arxentino no exterior.
- × Luisa Mota. Madres Latinas.
- × CIG- Inmigración.

Organizacións políticas con representación municipal

- × María Soledad Polo. Partido Popular.
- × Manoel Soto Ferreiro. Partido Galeguista.
- × Margarida Rosa Martíns Vilanova. Bloque Nacionalista Galego.
- × Miguel Barros Puente. PSOE.

Agradecemento especial a Anxo Lorenzo. Universidade de Vigo